

ADIÓS RÍOS, ADIÓS FONTES

**Adiós ríos, adiós fontes, adiós regatos pequenos
Adiós vista dos meus ollos, non sei cando nos veremos**

**Miña terra, miña terra. Terra onde me eu criei,
tamén onde a ti chegou este mal que fai morrer
Este mal que non fai ruído, este mal que non se ve
Este mal que non ten cheiro, canto mal está a facer
Nin disparos nin ballestas. Non hai bombas nin canóns
Só un virus con coroa fai estrago en todos nós
E nós que criamos ser os reises do universo,
e ante un virus tan pequeno cambiamos tanto de verso**

**Pero dentro desta guerra temos soldados de ben:
son médicos e enfermeiras, que nos coidan por doquer
Cansos de tanto traballo, estes bos profesionais
olvídanse deles mesmos para curar aos demais
A maior parte das veces, en moi malas condicións
arriscando a contaxiarse, seguen velando por nós**

**Mil grazas dou a quen cura, a quen nos dá unha palabra
de cariño e de tenrura... Mil grazas, vos dou mil grazas
Grazas tamén a quen limpa, grazas tamén aos que aguantan:
policías, dependentes, xentes que poñen a cara
E por encima de todo, vida a ti che dou as grazas
Leva os virus e as coroas, déixanos a terra mansa
Fai máis sans aos pobres homes, ensinándonos a amala
Quede a terra sementada de humildade e de esperanza**

**Adiós ríos, adiós fontes, adiós regatos pequenos
Adiós vista dos meus ollos, non sei cando nos veremos**